

# A BIDUREIRA

*Un bon árbol, pro esqueicido*

*As bidureiras tán con nosoutros desde hai máis de dez mil anos y foron mui usadas pra feir arabías prá labranza, galochas, eixes de carro... pro, como nun se souperon aprovetar as cualidades que ten a súa maderá, foron abandonándose y sólo quedan unde nun se dan outras especies qu'hasta agora se pensa que son máis productivas.*

↓ Jesús González Gayol

to que yes hai que corrixir por causa de que nunca hasta agora s'usó semente d'árboles sin gayar nos viveiros y porque as xeladas fora del época fain qu'estos árboles tendan a eso.

Condo as prantaciós chegan a os vinte anos deberíaseyes fer úa entresaca pra deixar entre 300 y 400 pes por Ha xa que, se el monte ta ben cuidado, a esa edá podían ter hasta 15 m d'altura y a partir d'esa grandura é miyor deixaryes qu'engorden hasta que se tumben, pois poden amañar entre 7 y 12 m<sup>3</sup> de maderá al ano y eso supón úa gran productividá y úa búa rentabilidad.

As bidureiras son pouco esixentes, sempre qu'a terra teña algo d'humedanza, y afáinse ben ás terras ácidas y lixeiras y ás enchagozadas. Tein as reices fortes y aguantan ben as xeladas, polo que medran ben nas zonas hasta os 1.000 m d'altura porcima del mar. Nun yes gusta muito a competencia dos outros árboles y tampouco yes presta tar nas zonas avesadas. É mui resistente a os ataques das pragas y das enfermidades y tamén reside ben el lume, cousa qu'é úa gran ventaxa, pois fai de colonizadora y pioneira hasta nos sitios que foron quemados.

Nos árboles novos a maderá é branca y despóis vai pasando a tonos máis amarelados. A densidá é de 0,50 a 0,75, polo qu'é úa maderá ben branda y elástica. Úsase pra feir mobles, esquis, carpinteiría fina d'interiores y pras pequenas industrias artesanales, pra feir arabías, cuyares, tenedores, pratos, siyas... Pro hai que destacar que tamén ten un uso muito bon na industria papeleira prá produción de celulosa, pra triturar y pra desenrolo. A leña das bidureiras tamén ta abondo considerada y el carbón vegetal é de búa calidá. El sou zume, a savía, é azucarada, polo que se pode usar pra feir alcol y as foyas son mellecieras, podendo usalas como diuréticas y antirreumáticas.

Outro uso d'este árbol tamén é el ornamental, pois é mui resistente y, pola súa forma y pol color branco da paraza, é mui axeitado pra os xardiós, parques, áreas recreativas, sitios degradados y áreas de recuperación medioambiental. Y é qu'ademáis son árboles nosos y encaixan muito ben dentro del noso paisaxe.



Foto: JESÚS GONZÁLEZ GAYOL

**A** bidureira (*Betula celtiberica*) é úa das especies forestales autóctonas miyor afeita ás nosas condicións agroclimáticas. Noutros sitios tamén ye chaman *biduro* ou *bidueira*, y hai casas y lugares que tein orixe neste nome: El Bidural, As Bidureiras, Biduedo, etc.

Estos árboles miyoran muito a terra unde se prantan, pois como yes cai a foya nel inverno, gracias a elas vaise amañando úa toira de *mantillo* qu'axuda a que podan darse outras especies (gancela, folgueiras, xestas, etc.) y as propias bidureiras, que van poblando el área unde s'asentan. Esta cualidá tamén fai que s'amañe úa vexetación que sirve d'aveiro á fauna dos nosos montes y que defende a terra da erosión.

El abandono das bidureiras levóu a que nun se teña en conta que chegan a dar hasta 12 m<sup>3</sup> de maderá por hectárea y ano al final del turno, y qu'a súa maderá ten un bon precio, sempre que seña de calidá y non como se trata agora, que sólo se pensa que sirve pra leña. Pro pra eso tíamos qu'atender ben os montes y amañar os árboles deretos y ben feitos. El tarrén unde se pranten ten que rozarse y furarse ou subsolarse pr'axudaryes a que prendan ben. As prantas tamén tein que ser de calidá polo que ten que consiguirse en viveiros qu'usen semente seleccionada y fagan bus cultivos. Al prantalas poden poñerse con úa densidá de 1.200 prantas por Ha y despóis de prantadas tían qu'abonarse y cuidar de que nun yes medre a maleza al pé nos primeiros anos de medría.

Desde tán medrados os árboles tamén había que podalos pra quitaryes as canas que nun yes deixan ter a guía dereta y quitaryes de que gayén, pois é un defeu-